

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 3 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Neboada, nos concellos de Quiroga e Ribas de Sil (Lugo), e A Pobra de Trives, A Rúa, San Xoán de Río e Vilamartín de Valdeorras (Ourense) (expediente 2020/0202).

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 3 de xaneiro de 2023, do proxecto do parque eólico Neboada, nos concellos de Quiroga e Ribas de Sil (Lugo), e A Pobra de Trives, A Rúa, San Xoán de Río e Vilamartín de Valdeorras (Ourense), promovido por Maia Director Ship, S.L.

A dita declaración poderase consultar na ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático

